

ANEXO IV

Contido mínimo do libro de rexistro de explotación

O libro de rexistro de explotación conterá, con carácter xeral, os seguintes datos:

- a) Código de explotación.
- b) Nome e enderezo da explotación.
- c) Identificación do titular e enderezo completo.
- d) Clasificación zootécnica.
- e) Inspeccións e controis: data de realización, motivo, número de acta (para os oficiais) e identificación do veterinario actuante.
- f) Capacidade máxima. Débense indicar expresamente os animais por categoría: machos reprodutores, femias reprodutoras, animais de engorda, animais de reposición (femias e machos), outros.
- g) Entrada de lotes de animais: data, cantidade de animais e categoría a que pertencen: machos reprodutores, femias reprodutoras, animais de engorda, animais de reposición (femias e machos), outros; código da explotación de procedencia e número de guía ou certificado sanitario.
- h) Saída de lotes de animais: data, cantidade de animais e categoría a que pertencen: machos reprodutores, femias reprodutoras, animais de engorda, animais de reposición (femias e machos), outros; código da explotación, matadoiro ou lugar de destino e número de guía ou certificado sanitario.
- i) Incidencias de calquera enfermidade infecto-contaxiosa que teña repercusión na saúde pública: data, número de animais afectados, medidas practicadas para o seu control e eliminación, se for o caso.
- j) Censo medio de animais durante o ano anterior por categorías: machos reprodutores, femias reprodutoras, animais de engorda, animais de reposición (femias e machos), outros, de acordo coa declaración prevista no artigo 9.e).3.º

Non obstante, o libro de rexistro dos matadoiros cunícolas non conterá a alínea d), así como non será obxectivo que conteña as alíneas e), f) e j).

12181 *REAL DECRETO 1473/2004, do 18 de xuño, polo que se establecen medidas de carácter socioeconómico no sector pesqueiro e se modifica o Real decreto 3448/2000, do 22 de decembro, polo que se establece a normativa básica das axudas estruturais no sector pesqueiro en materia de acuicultura e comercialización.* («BOE» 157, do 30-6-2004.)

O Regulamento (CE) n.º 2792/1999 do Consello, do 17 de decembro de 1999, polo que se definen as modalidades e condicións das intervencións comunitarias con finalidade estrutural no sector da pesca, foi modificado polo Regulamento (CE) n.º 2369/2002 do Consello, do 20 de decembro de 2002. Con motivo da dita modificación aprobouse o Real decreto 1048/2003, do 1 de agosto, de ordenación do sector pesqueiro e axudas estruturais, o cal recolle aspectos tales como a renovación da frota, o equipamento e modernización dos buques de pesca, o axuste dos esforzos pesqueiros, as sociedades mixtas, a paralización temporal das actividades pesqueiras e outras compensacións financeiras, así como o control do esforzo pesqueiro.

O dito real decreto derroga determinados aspectos do Real decreto 3448/2000, do 22 de decembro, polo

que se establece a normativa básica das axudas estruturais no sector pesqueiro.

Este real decreto adapta a normativa comunitaria no referente á regulación das medidas socioeconómicas destinadas ao cofinanciamento dos réximes nacionais de axuda á xubilación anticipada de pescadores, á concesión de primas globais individuais e primas compensatorias individuais non renovables destinadas a fomentar a reconversión profesional dos pescadores e diversificaren as súas actividades e primas destinadas aos pescadores de idade inferior aos 35 anos para a adquisición dun buque pesqueiro en propiedade total ou parcial.

Serán competentes para a tramitación das axudas as comunidades autónomas en cuxo territorio estea situado o porto base do buque pesqueiro ou se atope o domicilio fiscal do pescador beneficiario.

Igualmente, modifícase o Real decreto 3448/2000, do 22 de decembro, que establece a normativa básica das axudas estruturais no sector pesqueiro, parcialmente vixente tras a promulgación do Real decreto 1048/2003, do 1 de agosto. Estas modificacións refírense ás axudas no sector da acuicultura e da transformación dos produtos da pesca e da acuicultura.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas do sector afectado.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de xuño de 2004,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Mediante este real decreto establécese a regulación das medidas socioeconómicas vinculadas ás medidas de reestruturación do sector pesqueiro, de acordo co disposto no Regulamento (CE) n.º 2792/1999 do Consello, do 17 de decembro de 1999, polo que se definen as modalidades e condicións das intervencións comunitarias con finalidade estrutural no sector pesqueiro, e no Regulamento (CE) n.º 2369/2002 do Consello, do 20 de decembro de 2002, polo que se modifica o anterior.

2. Adicionalmente, tamén se introducen modificacións ao Real decreto 3448/2000, do 22 de decembro, polo que se establece a normativa básica das axudas estruturais no sector pesqueiro.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

a) Autoridade competente: as comunidades autónomas que, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán adoptar a favor dos pescadores medidas de carácter socioeconómico vinculadas ao axuste da capacidade de pesca de acordo co artigo 11 do Regulamento (CE) n.º 2371/2002 do Consello, do 20 de decembro de 2002, sobre a conservación e a explotación sustentable dos recursos pesqueiros en virtude da política pesqueira común. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación será a autoridade competente para a aplicación deste real decreto nas cidades de Ceuta e Melilla.

b) Pescador: toda persoa que exerza a súa actividade profesional principal a bordo dun buque de pesca marítima en activo.

e
Artigo 3. Medidas socioeconómicas e condicións destas.

As medidas de carácter socioeconómico consistirán en:

a) Establecemento dun plan de prexubilacións. Os pescadores que reúnan as condicións que establece o artigo 4.1 poderán percibir ata alcanzar a idade ordinaria de xubilación (65 anos) ou a que correspondese, segundo a normativa de aplicación ao réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, de ser esta inferior, a axuda establecida dentro dun plan de prexubilación neste real decreto.

b) Primas globais individuais. Os pescadores que reúnan as condicións que establece este real decreto poderán solicitar a concesión de primas globais individuais dunha contía máxima de 10.000 euros por persoa, sempre que o buque pesqueiro en que estean embarcados os pescadores sexa obxecto dunha paralización definitiva en función dos anos de actividade e de cotización ao réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar. Polo menos deberá ter cotizados 12 meses, e nos casos de menor cotización diminuírase a prima proporcionalmente.

c) Primas compensatorias individuais non renovables. Os pescadores que poidan acreditar polo menos cinco anos de exercicio da profesión poderán solicitar a concesión de primas compensatorias individuais non renovables, para axudarlles:

1.º Á súa reconversión profesional nun sector que non sexa o da pesca marítima, dentro dun plan social individual ou colectivo, sobre a base dun custo subvencionable limitado a 50.000 euros por beneficiario, determinando a autoridade de xestión a contía individual en función da amplitude do proxecto de reconversión e os compromisos financeiros contraídos polo beneficiario.

2.º Á diversificación das súas actividades nun sector que non sexa o da pesca marítima, dentro dun proxecto de diversificación individual ou colectivo, sobre a base dun custo subvencionable limitado a 20.000 euros por beneficiario; a autoridade de xestión determinará a contía individual en función da amplitude do proxecto de diversificación e dos investimentos efectuados polo beneficiario.

d) Axudas a pescadores de idade inferior a 35 anos. Poderanse conceder primas individuais a pescadores de idade inferior a 35 anos que poidan acreditar polo menos cinco anos de exercicio da profesión ou que poidan acreditar unha formación profesional equivalente e que adquiran por primeira vez un buque de pesca en propiedade total ou parcial, sempre que se cumpran os requisitos seguintes:

1.º O buque de pesca deberá ter unha eslora comprendida entre sete e 24 metros e, no momento da adquisición da propiedade, deberá ter unha antigüidade comprendida entre 10 e 20 anos, debendo estar operativo e inscrito na terceira lista do Rexistro oficial de matrícula de buques e no Censo da frota pesqueira operativa.

2.º A transferencia de propiedade non terá lugar dentro da mesma familia ata o segundo grao de parentesco.

3.º O órgano competente determinará a contía de cada prima individual baseándose, en particular, no tamaño e a antigüidade do buque, así como nas condicións financeiras da adquisición, tendo en conta o custo da adquisición da propiedade; nivel e condicións dos pres-

tamos bancarios; garantías ofrecidas, se é o caso, por terceiros, e outras facilidades de orde financeira.

4.º O órgano competente determinará, así mesmo, os restantes criterios e requisitos que guíen a adquisición.

5.º A contía da prima non deberá superar en ningún caso o 10 por cento do custo de adquisición da propiedade nin exceder a cantidade de 50.000 euros.

Artigo 4. Requisitos para a obtención de axudas.

1. Para poder ser beneficiario do plan de prexubilacións, deberán cumprirse as seguintes condicións:

a) Estar dado de alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar e ter completado, ao menos, ao cumprir os 65 anos de idade ou equivalente, un período mínimo de cotización de 15 anos.

b) Ter 55 anos ou máis e non ter cumprida a idade legal de xubilación no momento de formalización da petición.

c) Ter exercido durante polo menos 10 anos a profesión de pescador.

d) Estar enrolado e en alta ou nalgunha das situacións asimiladas á alta. Os beneficiarios non poderán superar o número de postos de traballo suprimidos a bordo dos buques pesqueiros como resultado da paralización definitiva das actividades pesqueiras durante todo o período de programación.

A este respecto, considerarase situación asimilada á alta toda aquela que leve aparelada a reserva do posto de traballo.

2. Para poder ser beneficiario das primas globais individuais, deberán cumprirse as seguintes condicións:

a) Estar dado de alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar e ter cotizado a este durante un período mínimo de 12 meses.

b) Ter menos de 55 anos de idade ou, sendo maior, non ter a posibilidade de xubilarse.

c) Estar enrolado e en alta ou nalgunha das situacións asimiladas á alta no buque obxecto de axuste estrutural desde o momento en que o armador solicite a prima por paralización definitiva, a axuda para a constitución dunha sociedade mixta ou a solicitude de exportación ata que, unha vez notificada a súa concesión, finalice a relación laboral coa empresa armadora, salvo que poida certificar a súa ausencia nalgún momento do período indicado, pero considerándose en situación asimilada á alta, tal e como se define no punto 1.d).

A prima, cuxo dereito se xera por meses vencidos e de forma proporcional, no suposto de que dentro dunha mensuralidade comezase a traballar, detraeráselle na parte proporcional que corresponda segundo os días de inactividade.

3. Para poder ser beneficiario das primas compensatorias individuais non renovables, deberán cumprirse as seguintes condicións:

a) Estar dado de alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

b) Ter menos de 55 anos de idade ou, sendo maior, non ter a posibilidade de xubilarse.

c) Os demais requisitos que se citan no artigo 3.c).

4. Para poder ser beneficiario das axudas a pescadores de idade inferior a 35 anos, deberán cumprirse as seguintes condicións:

a) Estar dado de alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

b) Os demais requisitos que se citan no artigo 3.d).

Artigo 5. *Órgano competente.*

1. O órgano competente para a tramitación, resolución e pagamento das solicitudes das axudas previstas neste real decreto será o da comunidade autónoma en cuxo territorio estea situado o porto base do buque pesqueiro ou o domicilio fiscal do pescador.

2. Cando as axudas previstas sexan solicitadas por pescadores de buques achegados a unha sociedade mixta, a Secretaría Xeral de Pesca Marítima comunicará á comunidade autónoma correspondente ao porto base do buque obxecto de exportación os datos necesarios para que tramite, resolva e pague as axudas que correspondan.

3. As axudas en supostos de paralización definitiva do buque faranse efectivas unha vez que este cause baixa definitiva no Censo da frota pesqueira operativa, o que se lle comunicará á comunidade autónoma correspondente.

Artigo 6. *Control das axudas.*

1. Os órganos competentes, en cada caso, adoptarán as disposicións necesarias, en particular mediante mecanismos de control adecuados para garantir:

a) Que un mesmo pescador non poida beneficiarse de máis dunha das medidas do artigo 3.

b) Que a percepción das axudas por prexubilación sexa incompatible co exercicio da actividade pesqueira.

c) Que a prima para reconversión prevista no artigo 3.c).1.º sexa reembolsada «prorrata temporis» en caso de que o beneficiario volva exercer a profesión de pescador nun prazo inferior a cinco anos despois do cobramento da prima; e que a prima por diversificación prevista no artigo 3.c).2.º contribúa á redución do esforzo pesqueiro exercido polos buques pesqueiros en que traballen os beneficiarios.

d) Que a prima prevista no artigo 3.b) sexa reembolsada proporcionalmente ao tempo transcorrido en caso de que o beneficiario volva a exercer a profesión de pescador nun prazo inferior a un ano tras o cobramento da prima.

e) Que a prima prevista no artigo 3.d) sexa reembolsada proporcionalmente ao tempo transcorrido, en caso de transferencia da propiedade adquirida polo beneficiario, ou que o buque se vexa suxeito a retirada permanente, nun prazo, como mínimo, inferior a cinco anos, tras o cobramento da prima.

2. Poderanse establecer para os membros da tripulación medidas sociais complementarias financiadas no nivel nacional, co obxectivo de facilitar o cesamento temporal das actividades pesqueiras no marco dun plan de protección dos recursos acuáticos.

Artigo 7. *Distribución territorial de créditos.*

1. A distribución territorial dos créditos destinados a estas axudas e consignados nos orzamentos xerais do Estado a cargo do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación realizarase de acordo co artigo 153 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro, salvo o derogado pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e acordaranse en conferencia sectorial os criterios obxectivos de distribución, así como a distribución resultante.

2. Na citada distribución terase en conta a programación orzamentaria do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para o conxunto do período, así como

as propostas de investimentos prioritarios das comunidades autónomas para o exercicio correspondente.

Para estes efectos, as comunidades autónomas remitirán as súas propostas ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación antes do 30 de setembro de cada ano.

3. A transferencia dos créditos dos fondos do Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca (IFOP) ás comunidades autónomas para o pagamento das axudas aos investimentos que se deban realizar efectuarase en función dos libramentos efectuados por este fondo e das necesidades das ditas administracións territoriais, logo da súa xustificación documental.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto neste real decreto e, en particular, o capítulo XVI do Real decreto 3448/2000, do 22 de decembro, polo que se establece a normativa básica das axudas estruturais no sector pesqueiro.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 3448/2000, do 22 de decembro, polo que se establece a normativa básica das axudas estruturais no sector pesqueiro.*

O Real decreto 3448/2000, do 22 de decembro, polo que se establece a normativa básica das axudas estruturais no sector pesqueiro, modifícase nos seguintes termos:

Un. Engádeselle ao artigo 37.2 unha alínea d) co seguinte texto:

«d) Os custos derivados da realización do novo arqueo dos buques de servizo das instalacións de acuicultura.»

Dous. Dáselle unha nova redacción ao punto 2 do artigo 50:

«2. Para os efectos do disposto neste real decreto, entenderase por transformación e comercialización dos produtos da pesca e a acuicultura o conxunto de operacións da cadea de manipulación, tratamento, elaboración, produción e distribución desde o momento de desembarque ou recollida ata a fase do produto final.»

Tres. Dáselle unha nova redacción ao artigo 56:

«Artigo 56. *Órgano competente.*

1. As solicitudes de axudas serán tramitadas e resoltas polo órgano competente da comunidade autónoma en que se encontre o domicilio ou sede social do promotor, para aqueles supostos en que o desenvolvemento das accións e/ou proxectos a que se refire o artigo anterior se realicen no ámbito xeográfico da dita comunidade autónoma.

2. Cando a mesma iniciativa sexa promovida por varios interesados radicados en máis dunha comunidade autónoma, as solicitudes de axudas serán tramitadas e resoltas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

3. Cando as accións ou proxectos se realicen no ámbito xeográfico de máis dunha comunidade autónoma, as solicitudes de axudas serán tramitadas e resoltas polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.»